



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** acordo da non división en lotes do investimento “Conservación de rúas no casco urbano de Laxe” incluído no POS+ 2019

**Núm. Expte. Admvo:** 2018/A008/000007

**Expte. Decretos núm.:** 2018/G003/001011

Visto que a Deputación Provincial da Coruña convocou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2019 (publicado no BOP núm. 188, do 02/10/2018).

Visto que de acordo co disposto nas ditas Bases, na Base 5.B.3.4, para a solicitude de obras ou subministros, entre a documentación a enviar debe achegarse a Resolución ou acordo do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a non división en lotes do investimento (anexo IX).

Visto o informe do arquitecto municipal, D. Antonio Corrochano Corrochano, de data 11/12/2018, no que xustifica a non división en lotes do obxecto do contrato baseándose en que coa división en lotes do obxecto do contrato perderíase a optimización do control da execución global do contrato, e incrementaríanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

Esta Alcaldía, de acordo coas atribucións conferidas pola normativa vixente,

### RESOLVE:

**Primeiro.-** Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	Conservación de rúas no casco urbano de Laxe
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	30.500,71 €

**Segundo.-** Dacordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data do 11/12/2018, esta decisión de non dividir o obxecto do contrato en lotes está xustificada en que coa división en lotes do obxecto do contrato perderíase a optimización do control da execución global do contrato, e incrementaríanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

Mándaos e asínaos, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, do que eu como secretaria dou fé.

Asdo. O 1º tenente de alcalde,  
Ricardo Facal Castiñeira, delegación por ausencia  
(Resolución núm.759/2018, de 28/09/2018)

A secretaria-interventora,  
Begoña Carrasco García